

Os catro Territorios percorridos da man do Grupo Social ONCE

38 concursoescolaronce.es/material-secundaria/territorios

1. Lecer

O lecer é un dereito e está recoñecido para todo o mundo.

A propia Constitución, mesmo a Declaración dos Dereitos Humanos fai referencia "ao descanso e ao disfrute do tempo libre"". O problema é que non sempre o lecer está configurado para ser inclusivo: transportes, infraestruturas na cidade ou no medio natural, mesmo o deseño das propias actividades que se realizan.

Cando unha persoa con discapacidade ve limitado o seu lecer polo simple feito de ter unhas necesidades distintas, está a ser privada dun dereito fundamental.

O lecer inclusivo é o conxunto de actividades destinadas a conseguir que as **persoas con discapacidade disfruten do seu tempo libre.**

Para conseguir o seu desenvolvemento, existen claves para garantir a **accesibilidade universal** ou contar con **profesionais especializados** que poidan organizar e coordinar as actividades satisfacendo as necesidades de cada persoa.

Pero non só está nas mans de expertos, xa que todos e todas, con pequenos detalles e **unha visión inclusiva da nosa contorna**, podemos contribuír a que todo o mundo disfrute deste dereito.

Conseguir que as **persoas con discapacidade** visual poidan acceder, de maneira autónoma, a toda a información impresa, representada e electrónica é unha das metas na que participan os **servizos culturais da ONCE.**

Con este fin, adáptanse a **formatos máis accesibles** os documentos impresos que son de interese para todos, por exemplo, aqueles que precisan para realizar os seus estudos, desempeñar as súas tarefas laborais, ou encher o tempo libre e de formación cultural. Aspecto fundamental, posto que o lecer constitúe un espazo creativo, implica unha dimensión plural e pública, facilita as relacións, desenvolve á persoa e é un claro indicador do nivel de inclusión social.

Por suposto, na ONCE tamén se traballa por facer accesibles para todas as persoas os espectáculos, o cine, a música, os museos ou os videoxogos, así como promover obradoiros, recitais e audicións propias para incentivar o contacto co lecer e a cultura dos nosos afiliados, á vez que se promove a súa creatividade e habilidades sociais.

O Grupo Social ONCE, a través das súas diversas entidades, organiza e promove o turismo accesible, desde ILUNION, e facilita recursos para a plena vivencia do lecer integrado a través de Fundación ONCE.

2. Educación

A educación inclusiva é aquela que procura **atender as necesidades de aprendizaxe** de todos os nenos, nenas, mozos e adultos, con especial atención para aqueles que teñen algún tipo de **necesidade especial**.

Cada un de nós somos diferentes, por iso, necesitamos procedementos e formas de aprender diferentes. As persoas con discapacidade, tamén teñen as súas propias necesidades: **acceso á información, ritmos de aprendizaxe, necesidade de formatos especiais** que poidan ser percibidos por outras canles, etc.

Cando temos en conta as necesidades educativas para as persoas con barreiras para a aprendizaxe conseguimos unha educación na que todos nos sentimos partícipes.

Na educación inclusiva é decisivo contar con bos profesionais dedicados a iso, **pero alcanzar unha educación onde ninguén se quede atrás é un reto que nos implica a todos.**

O modelo de **intervención educativa** que se leva a cabo en España co alumnado con **cegueira ou discapacidade visual grave**, é un modelo que está a posibilitar a súa inclusión académica e social total.

Por iso, a ONCE asina convenios de colaboración en materia educativa con todas as administracións educativas das Comunidades Autónomas. A través destes convenios, os alumnos contan con todos os recursos do sistema ordinario e, ademais, os específicos da ONCE a través dos seus **Centros de Recursos Educativos (CRE)**, situados en Alicante, Barcelona, Madrid, Pontevedra e Sevilla, que prestan servizos de atención directa e servizos complementarios.

Actualmente, máis do 99% do alumnado con discapacidade visual escolarízase en colexios ordinarios, na súa aldea, barrio ou cidade de residencia, seguindo o currículo escolar oficial.

Este alumnado recibe unha atención complementaria en función das súas necesidades específicas relacionadas coa discapacidade visual (ensino do **sistema braille**, novas tecnoloxías, autonomía persoal, orientación e mobilidade ou competencia social, entre outras), que é a que lle proporcionan os profesionais especializados dos Equipos Específicos de atención educativa á discapacidade visual.

O obxectivo é conseguir a maior normalización e inclusión do estudante na contorna familiar, social e educativa.

Desde o Grupo Social ONCE trabállase e promóvense iniciativas que apostan polo acceso e a promoción das persoas con discapacidade na educación superior, para o que resulta imprescindible construír universidades inclusivas que garantan a igualdade de oportunidades.

3. Emprego

En España, existen ao redor de tres millóns de persoas cunha discapacidade superior ao 33%. Segundo o SEPE, a taxa de desemprego destas, é superior á da media da poboación sen discapacidade.

Isto significa que a día de hoxe, **o acceso a un emprego é máis difícil para unha persoa con discapacidade que para unha sen ela...** Un reto que debemos superar como sociedade.

O desenvolvemento profesional das persoas con discapacidade, ademais de outorgarlles unha autonomía e estabilidade económica, **supón unha vía para integrarse na sociedade.** Ao desempeñar un posto de traballo, demóstranse a si mesmas e ao resto, **todo o que son capaces de facer, desmontando estereotipos.**

Un dos factores que máis está a axudar na inclusión laboral é a **transformación dixital**, sempre que a tecnoloxía sexa accesible, xa que permite omitir numerosas barreiras físicas e dar a posibilidade de que calquera poida traballar e formarse desde calquera parte.

O desenvolvemento profesional das persoas con discapacidade é unha **vía de integración na sociedade.**

A ONCE actúa en dúas direccións: incidindo na importancia da formación e procurando o **compromiso dos axentes sociais** que interveñen no mundo laboral.

No noso país, a fonte principal de emprego das persoas con **cegueira ou discapacidade visual grave** é a venda do cupón, aínda que hai moitos profesionais con discapacidade visual ben **preparados para exercer outras tarefas**, en busca dunha oportunidade para demostrar a súa valía e ter un desenvolvemento profesional totalmente normalizado.

Alén de facilitar e apoiar os procesos formativos, as persoas cegas e con deficiencias visuais **reciben da ONCE asesoramento, recursos** e determinadas **axudas** para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A ONCE e a Fundación ONCE son axentes sociais xeradores de emprego, que crean 15.000 novos postos de traballo e realizan ao redor de 30.000 accións formativas para persoas con discapacidades de diversa índole.

ILUNION pola súa banda é un modelo empresarial único, feito desde as persoas e para as persoas, cuxo obxectivo final é o de xerar emprego de calidade para as persoas con discapacidade. Conta cun persoal de 38.000 profesionais, dos cales máis de 15.000 son

persoas con discapacidade (40,5%). Ademais de facer da diversidade uno dos seus principais valores, máis do 48% do seu persoal son mulleres e preto do 6% son persoas de diferentes nacionalidades.

ILUNION non só é o maior empregador de persoas con discapacidade, senón tamén un xerador de conceptos e de aplicacións para o mercado, produtos, e servizos, concibidos para ser usados e desfrutados por todas as persoas.

4. Accesibilidade Universal

A “**accesibilidade universal e deseño para todos**” encárgase de que unha contorna e, en xeral, todos os produtos e servizos do noso ao redor sexan totalmente accesibles para todas as persoas, sen importar se sofren algún tipo de discapacidade ou non...

Isto inclúe desde as **infraestruturas das cidades, libres de barreiras arquitectónicas**, como escaleiras, muros ou mala sinalización, ata o “**acceso á información**”: materiais educativos, trámites públicos, consultas de información (Internet, carteis e sinais, etc.) deseñados para que poidan ser **entendidos e útiles para todas as persoas**, de forma autónoma e segura.

Como cidadáns e parte dunha sociedade, nós tamén podemos facer máis accesible a nosa contorna, **procurando que todos e cada un dos seus recunchos ofrezan solucións ás diferentes necesidades das persoas**, con ou sen discapacidade.

Ao fin de contas, no día a día, a accesibilidade é máis unha cuestión de empatizar e ter ideas que faciliten a vida dos demais, máis que de empregar grandes recursos.

O auxe das novas tecnoloxías xerou un cambio substancial na forma de producir, xestionar e acceder a unha información cada vez máis abundante, o que non significa que sexa cada vez máis accesible para todas as persoas, con e sen discapacidade. A **tecnoloxía, para unha persoa cega**, non é só un vehículo para acceder á información con total **autonomía persoal**, senón que é máis que iso: é unha oportunidade para sentirse en **igualdade** e ter unha vida mellor.

Con demasiada frecuencia non se pensa en que todas as persoas poidan acceder ao seu contido e é entón cando aparece o **risco de exclusión** e xorden novas barreiras que marxinan a moitas persoas, entre elas, as persoas con discapacidade visual, con maior risco se non dispoñen da tecnoloxía e a formación necesaria.

Para evitalo, **a ONCE asumiu o compromiso** de garantir ás persoas que así o requiran a aprendizaxe do conxunto de tecnoloxías que facilitan o desenvolvemento pleno en todos os ámbitos: saúde e vida diaria, educación e cultura, emprego, lecer e deporte, etc. Desde o seu Centro de Tiflotecnoloxía e Innovación (CTI) aventúranse no mundo da tecnoloxía accesible e da adaptación da tecnoloxía para persoas con discapacidade visual coñecido como **Tiflotecnoloxía**, o que constitúe a base para non perder o tren da sociedade da información e o coñecemento.

A tecnoloxía converteuse nunha ferramenta necesaria para realizar moitas tarefas presentes no día a día dunha persoa cega, con deficiencia visual ou con xordocegueira.

A Fundación ONCE, pola súa banda, traballa para lograr que se establezan, coñezan e apliquen criterios e estándares á hora de deseñar, construír, adaptar e manter a contorna, a súa dotación, así como os produtos e servizos de forma que alcancen, manteñan ou melloren os seus niveis de accesibilidade.